

QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SQM en Ferrol e adianto da seguinte do 3 de maio



Abril 2024 — nº 6

Resume da actividade


(19/04/2024)



Nesta 6ª QnM tivemos o gusto de coñecer o interesante proxecto de participación cidadá no estudo das avelaíñas ibéricas, no que participou o noso compañeiro o socio Paco Girón. Este proxecto foi coordinado por dúas universidades a través de Juan José Guerrero Fernández, do Departamento de Biología Animal e Antropoloxía Física da Universidad de Murcia, e por José Luis Yela, do Instituto de Ciencias Ambientales de Toledo, da Universidad de Castilla-La Mancha.

A primeira delas fixo os estudos xenéticos dos exemplares, mentres que a segunda traballou sobre as determinacións a partir das xenitalias (*Proyecto Fauna Ibérica: Noctuoidea*). Durante a súa exposición, Paco amosounos o xeito de traballar, a loxística e a inxente morea de datos e exemplares aportados por el durante anos, con vistas a colaborar neste interesante proxecto. E vaia se o conseguíu. Parabéns, Paco!

Nada menos que 269 especies foron as que aportou Paco neste interesante proxecto.




Ao final da súa exposición, Paco deu resposta ás dúbidas do público ao respecto das avelaiñas e do proxecto de colaboración cidadá no que participou.

Como anécdota, a súa participación neste proxecto, xurdiu das súas observacións nocturnas en Esmelle no porche da súa vivenda. Paco tiraba fotos dos exemplares, que logo subía a plataformas e grupos en redes sociais como Mariposas y polillas de España y Europa, onde diversos especialistas ían determinando eses individuos. Co tempo, pedíronlle colaboración nos seus respectivos proxectos, ao que Paco ofreceu a súa dispoñibilidade.

En resume, podemos apreciar o número de especies, salientando a elevada abundancia de taxons nesta área relativamente reducida. Como era de esperar, cómpre destacar tamén o elevado número de especies das familias Erebidae, Geometridae y Noctuidae.

En xeral, deste estudo obtiveron un total 2.804 rexistros de 269 especies dos coñecidos como Macroheterocera (avelaiñas nocturnas), que fan un total de 35 subfamilias pertencentes a 9 familias.



De seguido, o socio Manuel Arzúa falounos de Epicollet5, unha aplicación para colaborar na toma de datos dentro dun proxecto de participación cidadá no que está sumido a delegación de Ferrol da SGHN e que vén patrocinado, nas súas diversas fases, pola Deputación da Coruña ao abeiro da convocatoria DP0031 dentro do seu programa de axudas a entidades sen fins de lucro para cofinanciar proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente.

Manuel comentou durante a súa exposición que esta aplicación é gratuíta e pódese descargar e instalar nos teléfonos móbiles. Con ela, é posible datar e localizar ameazas ao medio, que é o proxecto no que está sumida a delegación, como son os impactos ambientais, a presenza tanto de especies exóticas invasoras como as que estean protexidas... sempre, coa intención de poder crear un inventario de diferentes áreas onde realizar actuacións nos diferentes anos.



Manuel Arzúa durante a súa exposición

Durante a presentación de Manuel, coñecemos os pasos a seguir para descargar e instalar a aplicación así como o xeito de incluír eses datos e rexistros cos que colaborar neste proxecto, ao que convidou ao público a sumarse e participar.



Finalmente, Pablo Torrella adiantou ao público que a seguinte QnM trataría asuntos relacionados co propio Museo, como é o caso do inventario que se está a facer da flora do xardín, da man da alumna do Grao de Bioloxía pola USC Marta Pego, e dun proxecto de investigación no que colaborou el sobre unha poboación dunha especie de escaravello presente nunha praia en Ponteceso.

Do que falaremos na vindeira QnM (03/05/2024)

- Un proxecto de inventariado da flora do xardín do Museo.
- Un insecto ameazado: *Eurynebria complanata*, un escaravello presente nas praias.
- Anunciaremos a charla de Rocío Lozano Miranda, licenciada en Psicoloxía pola Universidad de Granada e cun Máster en Neurociencia pola USC. Na súa conferencia dentro do ciclo organizado pola delegación de Ferrol, “Xuntanzas Naturalistas”, falará o día 12/05 da conduta sustentable dende a coñecida como psicoloxía ambiental, rama que pon énfase no estudo dos comportamentos proambientais.

As QnM son actividades gratuítas e abertas a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público do tipo familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!



PATROCINA
FERROL